

## RECOMENDACIÓNS DA VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO AO PDI ANTE A SITUACIÓN DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DAS ACTIVIDADES DOCENTES PRESENCIAIS

A Universidade de Vigo suspendeu a actividade docente presencial a partir do día 13 de marzo de 2020 por un período inicial de 14 días, e que, segundo o acordo do Consello da Xunta de Galicia, podería prorrogarse en función da evolución da situación xerada pola epidemia do coronavirus COVID-19. Ante esta situación, e co fin de minimizar o impacto da mesma no proceso formativo do alumnado, dítanse as seguintes recomendacións a todo o PDI da Universidade de Vigo:

1. Redefinir as diferentes actividades formativas e de avaliación pendentes ata o fin do cuadrimestre e recollidas na guía docente de cada materia, tendo en conta o período de suspensión da actividade docente presencial. A nova programación de actividades deberá comunicarse a todo o alumnado matriculado a través de FAITIC.
2. Actualizar o material docente na plataforma FAITIC en base á nova programación de actividades da materia, de tal forma que o alumnado teña acceso á información de todos os contidos dos que vai ser avaliado.
3. Substituír, na medida do posible, as sesións de prácticas de laboratorio por outras actividades que poidan ser realizadas sen presencialidade física, como poden ser exercicios, resolución de casos prácticos, prácticas na casa, ...
4. Substituír, na medida do posible, as probas e exames parciais programados para o período de suspensión por actividades de avaliación que podan ser realizadas a distancia como, por exemplo, traballos, tests, exercicios de autoavaliación ou outras que permitan comprobar a adquisición de coñecementos e competencias por parte do alumnado.
5. Elaborar e facer chegar ao alumnado unha guía detallada e estruturada por sesións diarias de cada materia, que lle permita autoorganizarse e manter o ritmo de progreso adecuado no proceso formativo durante o período de suspensión de actividades presenciais.
6. No caso de que nalgũa das actividades programadas na materia (sesións prácticas, exames parciais, probas, ...) se considere imprescindible a actividade presencial nas aulas ou laboratorios, debe comunicarse tal necesidade á dirección ou decanato do centro, para que o mesmo elabore, en colaboración cos departamentos, unha programación, na medida das posibilidades e recursos dispoñibles, de ditas actividades unha vez se retome a actividade presencial.
7. O PDI deberá seguir cumprindo os horarios oficiais de clase aprobados polos centros para as seguintes actividades:
  - a. Emisión de clases por *streaming*, no caso do profesorado que dispoña dos medios necesarios para utilizar esta modalidade de docencia e decida utilizala.
  - b. Titorías, que se atenderán por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, ...)
8. Calquera outra actividade docente presencial, incluídas ás saídas de campo, visitas e actos de defensa de TFGs, TFM e teses de doutoramento, deberá, de ser posible, substituírse por actividades equivalentes non presenciais. En caso de non ser posible, deberán ser aprazadas ata a recuperación da situación de actividade docente presencial habitual.

A excepcionalidade desta situación require do esforzo e bo facer de todo o PDI, que debe ser consciente de que o noso obxectivo colectivo como comunidade universitaria é superar esta dificultade conseguindo minimizar o seu impacto na formación do alumnado. Neste sentido deberíamos facer un esforzo por conxugar a especificidade e importancia de cada unha das materias coa necesidade de facer que o seguimento e finalización do curso por parte do alumnado sexa viable.

Desde os servizos e o goberno da Universidade seguiremos traballando en medidas que minimicen o impacto da presente situación na formación do noso alumnado e no traballo do noso PDI, e que se irán comunicando a medida que estean dispoñibles.